



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expediente núm. 2024/E001/000008  
2024/G003/002187

Ref.: LLA

### **DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE PROMOCIÓN INDUSTRIAL, XESTIÓN ECONÓMICA, EMPREGO, SEGURIDADE E ATENCIÓN CIDADÁ**

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

- En data 20/08/2024 (RE núm. 3517), o Concello das Pontes recibe notificación da Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Inmigración pola que se lle concede subvención para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego, denominado “EUME IV”, encamiñado á selección de 15 alumnos/as traballadores/as así como persoal directivo, docente e de apoio, tramitado co número de expediente 15/0005/2024 e promovido polos Concello das Pontes, da Capela e das Somozas, ao abeiro do establecido na Orde do 7 de febreiro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 38, do 7 de febreiro de 2024).
- O alcalde ditou a providencia de inicio do procedemento, de data 09/10/2024.
- Elaborouse proposta de bases reguladoras do proceso selectivo do alumnado traballador así como do persoal directivo, docente e de apoio, asinadas ambas as dúas o día 17/10/2024.
- En data 18/10/2024 a técnica de administración xeral (TAX) encargada da tramitación do procedemento emitiu un informe xurídico favorable.
- Pola súa vez, a Intervención municipal evacuou o informe favorable de fiscalización núm. 461/2024, do 30 de outubro.
- Mediante o Decreto núm. 1991/2024, do 31 de outubro, apróbase a convocatoria e bases da selección do persoal directivo, docente e administrativo para o "Obradoiro dual de emprego EUME IV".

O anuncio da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) nº 214 do 06/11/2024.

O prazo de presentación de solicitudes iniciouse o 07/11/2024 e rematou o 13/11/2024.

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

Consonte a base a base núm. 5 das que rexen a convocatoria, unha vez recibida a relación de candidatos/as, a concelleira-delegada determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección e a hora e lugar para a súa constitución.

A Alcaldía é, en principio, o órgano competente para ditar a presente resolución en virtude da atribución conferida ao alcalde polo artigo 21.1, letras g) e h) da LRBRL. Porén, tal competencia foi atribuída á concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá mediante o Decreto núm. 2000/2024, do 4 de novembro, de delegación de competencias nos membros da Corporación Municipal (BOP núm. 213, do 08/11/2024).



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expediente núm. 2024/E001/000008  
2024/G003/002187

Ref.: LLA

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. Dar comezo á selección do persoal directivo, docente e de apoio do obradoiro de emprego “EUME IV”, promovido polos Concellos das Pontes, das Somozas e da Capela, unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, mediante a constitución do órgano encargado da selección das persoas aspirantes.

2. Designar ás seguintes persoas, todas elas persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, para integrar o órgano de selección (tribunal) na condición que en cada caso se indica:

**- Presidencia:**

. Titular: Matilde Montserrat González Rivera, persoal laboral fixo asimilado ao subgrupo A1

. Suplente: María Carmen Rego Piñeiro, persoal laboral fixo asimilado ao subgrupo A1

**- Vogalías:**

1<sup>a</sup>):

. Titular: Gema García Carballeira, persoal laboral fixo asimilado subgrupo A2

. Suplente: Ana María Barba Pazos, persoal funcionario de carreira subgrupo A2

2<sup>a</sup>):

. Titular: Julia Guerreiro Rodríguez, persoal funcionario de carreira subgrupo A2

. Suplente: Ana Isabel Alonso López, persoal laboral fixo asimilado subgrupo A2

3<sup>a</sup>):

. Titular: José Alvarinho López, persoal laboral fixo asimilado ao subgrupo A1

. Suplente: José Manuel Cabarcos Anca, persoal funcionario de carreira subgrupo A1.

**- Secretaría:**

. Titular: José Sanjurjo Paz, persoal funcionario de carreira subgrupo A2

. Suplente: Manuel Souto López, persoal funcionario de carreira subgrupo A2

3. Nomear, como asesora do tribunal, con voz e sen voto, a Margarita Rivera Piñeiro, administrativa adscrita á Área de Promoción de Emprego do Concello das Pontes de García Rodríguez

4. Fixar lugar, día e hora de constitución do tribunal, nos seguintes termos:



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expediente núm. 2024/E001/000008  
2024/G003/002187

Ref.: LLA

- a) Día: martes, 19 de novembro de 2024
- b) Lugar: Salón de Plenos do Concello das Pontes de García Rodríguez
- c) Constitución do tribunal: 09:00 h.

5. Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello das Pontes (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>), a súa páxina web e nas webs e taboleiros dos Concellos das Somozas e da Capela.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica

A concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá

Ana María Pena Purriños